

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
D. Emilio Nogueira Moure
Presidente do Instituto Galego de Consumo
R./ Gonzalo Torrente Ballester, 1-5, Baixo
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Don/Dona _____, maior de idade, con enderezo en _____, provisto de DNI núm. _____ do que se acompaña fotocopia, por medio do presente escrito fago constar:

- O artigo 51 da Constitución encomenda aos poderes públicos a obriga de garantir a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo os seus intereses económicos mediante procesos eficaces.
- Desde o ano 1983 existe en España a denominada Tarifa Eléctrica 2.0N (coñecida como Tarifa Nocturna). Tarifa que foi impulsada por tódolos gobernos para fomentar o consumo responsable durante a noite e evitar posibles colapsos na rede nas horas de maior demanda enerxética.
- A tarifa nocturna mantívose sen modificación desde o ano 1983 ata o Real Decreto 1634/2006, que xa no permitiu novas altas nesta modalidade tarifaria. Pero o cambio fundamental prodúcese co Real Decreto 871/2007 que dispón na súa Disposición Transitoria Primeira, punto 3: *"Los consumidores acogidos a esta tarifa (tarifa 2.0 con discriminación nocturna) de acuerdo con el apartado anterior antes del 1 de julio de 2008 deberán comunicar a la empresa distribuidora la nueva tarifa a la que deseen acogerse. Una vez transcurrido el plazo, sin que el cliente solicite las nuevas condiciones del contrato, la compañía distribuidora aplicará automáticamente la tarifa 2.0.x o 3.0.1 con discriminación horaria que corresponda si la potencia contratada es inferior a 15 Kw., y la tarifa 3.0.2 con discriminación horaria Tipo 1 si la potencia contratada es superior a 15Kw."*
- Esta medida imposta polo Goberno do Estado vai a supor un agravio intolerable para os usuarios que contrataron a tarifa nocturna a petición do propio Estado para conseguir un consumo enerxético máis eficiente, respecto daqueles que nunca se solidarizaron coa consecución desta finalidade. Asemade, a devandita normativa supón uns custes de actualización da potencia instalada en cada domicilio que correrá a cargo dos usuarios, cando nunca o solicitaron e non están de acordo coa mesma.
- A Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, máximo organismo de consumo na Comunidade Autónoma, ostenta por imperativo legal a obriga de garantir a defensa dos meus dereitos e intereses económicos como consumidor e usuario dos servizos de subministro de enerxía eléctrica.
- Á vista da situación anteriormente descrita, que evidencia un trato discriminatorio e abusivo por parte de la Administración Pública do Estado con respecto os meus dereitos como consumidor e usuario dun servizo de interese público, esixo como consecuencia de todo elo, que esa Consellería de Innovación e Industria cumpra coas súas obrigas legais, e para elo,

REQUIRO AO CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, A TRAVÉS DO INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO:

1º.- Que realice cantas actuacións sexan necesarias para unha protección eficaz dos meus dereitos e intereses fronte ao Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, interesándose entre outros, polo análise do meu contrato de subministración de enerxía eléctrica e a avaliación das adaptacións que necesariamente teño que facer nas instalacións eléctricas propias do meu domicilio para adaptarme a nova normativa estatal.

2º.- Que promova as accións de toda índole que foran necesarias para velar polos meus intereses.

Atentamente

Asdo.: _____